



CONCELLOS A FONSGRADA

Anuncio

Procedemento: Aprobación da Oferta de Emprego Público extraordinaria para un proceso de estabilización.

Número de expediente: 225/2022

Asunto: Publicación da oferta extraordinaria de emprego público para remediar a elevada temporalidade existente no Concello de A Fonsagrada.

En cumprimento do artigo segundo punto dous da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, segundo o cal « *As ofertas de emprego que articulen os procesos de estabilización contemplados no apartado 1, así como o novo proceso de estabilización, deberán aprobarse e publicarse nos respectivos diarios oficiais antes do 1 de xuño de 2022*».

Considerando o disposto no 70.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, faise público que, de acordo co artigo citado e co artigo 91 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, mediante resolución da Alcaldía de data do 12 de maio do 2022 e código 2022-0225 realizando avogación das competencias delegadas na Xunta de Goberno Local, aprobouse a Oferta extraordinaria de emprego público do Concello de A Fonsagrada para un proceso de estabilización, que comprende as prazas estruturais sinaladas neste anuncio, dotadas todas elas no orzamento da Corporación, as cales encóntranse actualmente cubertas nunha situación de temporalidade irregular.

A oferta de emprego público do Concello, conta coas prazas seguintes:

Número de prazas	Praza	Réxime xurídico da praza	Forma de selección
1	AXENTE DE DESENVOLVEMENTO LOCAL	LABORAL FIXO	CONCURSO
1	TRABALLADOR SOCIAL	LABORAL FIXO	CONCURSO
1	AUX. ADMINISTRATIVA	LABORAL FIXO	CONCURSO
1	AUX. ADMINISTRATIVA	FUNCIONARIO DE CARREIRA	CONCURSO
1	TÉC. MEDIOAMBIENTAL	LABORAL FIXO	CONCURSO
1	TÉCNICO DE DEPORTES	LABORAL FIXO	CONCURSO
1	OFICIAL DE 1ª FONTANEIRO - S. DE AGUAS	LABORAL FIXO	CONCURSO
1	PALISTA	LABORAL FIXO	CONCURSO

2	CONDUTOR	LABORAL FIXO	CONCURSO
3	PEÓN	LABORAL FIXO	CONCURSO
2	PEÓN - SERVIZO DE LIMPEZA VIARIA	LABORAL FIXO	CONCURSO -OPOSICIÓN

Así mesmo, os interesados no procedemento quedan informados de que, na Sede Electrónica da Corporación municipal, encóntranse publicados os criterios xerais baixo os que se desenvolverán os procesos de estabilización efectuados mediante concurso acordados por esta Corporación cos sindicatos na mesa de negociación celebrada en data do 10 de maio do 2022. Todo elo a efectos do seu xeral coñecemento e recursos oportunos.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpor, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo ante o órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á recepción desta notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 LPAC, ou ben interpor directamente recurso Contencioso- Administrativo, ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo (artigo 8 Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa) , no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei da xurisdición Contencioso-Administrativa.

Si optásese por interpor o recurso de reposición potestativo, non poderá interpor recurso Contencioso-Administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producira a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor vostede calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

A Fonsagrada, 12 de maio de 2022.- O alcalde, Carlos López López.

R. 1223

LOURENZÁ

Anuncio

Formulada e rendida a Conta Xeral do Presuposto desta Corporación correspondente ó exercicio do 2021 e informada pola Comisión Especial de Contas, expónse ó público cos documentos que a xustifican, na Secretaría desta Entidade por espazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ó da inserción de presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, con fin de que os interesados poidan examinala e formular por escrito os reparos e observacións que se estimen pertinentes, durante dito prazo e os oito días seguintes, de conformidade co disposto no artigo 212 do R. D. Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, artigo 116 da Lei 7/85 de 2 de abril e 460.3 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril e Lei 5/97 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

Lourenzá, 12 de maio do 2022.- A Alcaldesa, Rocío López García.

R. 1224

NEGUEIRA DE MUÑIZ

Por Resolución de Alcaldía de data do 03.03.2022, aprobouse o padrón fiscal correspondente ó mes de febreiro de 2022 do Servizo de Axuda no Fogar a través da Lei de Dependencia polo importe de 300,66 €, e Programa Básico de Axuda no Fogar polo importe de 223,68 €.

Por medio do presente expónse ó público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no Regulamento Xeral de Recadación e na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Negueira de Muñiz, 15 de marzo de 2022.- O Alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 1225

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data do 04.04.2022, aprobouse o padrón fiscal correspondente ó mes de marzo de 2022 do Servizo de Axuda no Fogar a través da Lei de Dependencia polo importe de 300,66 €, e Programa Básico de Axuda no Fogar polo importe de 222,61 €.

Por medio do presente exponse ó público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no Regulamento Xeral de Recadación e na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Negueira de Muñiz, 11 de maio de 2022.- O Alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 1226

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data do 06.05.2022, aprobouse o padrón fiscal correspondente ó mes de abril de 2022 do Servizo de Axuda no Fogar a través da Lei de Dependencia polo importe de 300,66 €, e Programa Básico de Axuda no Fogar polo importe de 202,18 €.

Por medio do presente exponse ó público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no Regulamento Xeral de Recadación e na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Negueira de Muñiz, 11 de maio de 2022.- O Alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 1227

OUIROL**Anuncio**

A Xunta de Goberno Local do concello de Ouírol, en sesión ordinaria celebrada o día dez de maio de dous mil vinte e dous, aprobou a oferta de emprego público para a estabilización do emprego temporal ao abeiro da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade de emprego público, correspondente ás prazas que se relacionan:

PERSOAL FUNCIONARIO

Denominación	Grupo/Subgrupo	Escala	Subescala	Vacantes	Provisión	Xornada
Arquitecto/a municipal	A1	Administración Especial	Técnica	1	Concurso	Parcial

PERSOAL LABORAL

DENOMINACIÓN	Nº VACANTES	PROVISIÓN	DURACIÓN XORNADA
Traballador/a Social	1	Concurso	Xornada completa
Educador/a Familiar	1	Concurso	Xornada completa
Operario/a de servizos municipais	1	Concurso	Xornada completa
Condutor/a tractorista desbrozador. Oficial 3ª	1	Concurso	Xornada completa
Condutor/a de camión. Oficial 1ª	1	Concurso	Xornada completa
Enxeñeiro/a de montes	1	Concurso	Xornada completa

Encargado/a de instalacións municipais	1	Concurso	Xornada completa
Técnico/a de Servizos Xerais	1	Concurso	Xornada completa
Animador/a Sociocultural	1	Concurso	Xornada completa
Promotor/a de turismo	1	Concurso	Xornada completa
Bibliotecario/a	1	Concurso	Xornada completa
Auxiliar de axuda a domicilio	3	Concurso	Xornada completa
Auxiliar de axuda a domicilio	1	Concurso	Xornada parcial
Auxiliar de axuda a domicilio	1	Concurso	Xornada parcial (fins de semana e festivos)
Limpador/a de edificios municipais	1	Concurso	Xornada parcial
Limpador/a	1	Concurso	Xornada parcial
Axente de emprego e desenvolvemento local/Técnico de emprego	1	Concurso	Xornada completa
Fisioterapeuta	1	Concurso	Xornada completa
Operario/a de servizos municipais	1	Concurso	Xornada completa

PERSOAL LABORAL

DENOMINACIÓN	Nº VACANTES	PROVISIÓN	DURACIÓN XORNADA
Auxiliar de axuda a domicilio	1	Concurso-oposición	Xornada completa
Auxiliar de axuda a domicilio	2	Concurso-oposición	Xornada parcial
Limpador/a de edificios municipais	1	Concurso-oposición	Xornada completa

En cumprimento do artigo 91 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, do artigo 70.2 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, e do disposto no artigo 2.2 da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, publícase a oferta de emprego público para a estabilización do emprego temporal do concello de Ourense.

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñerse alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que adoptou o acordo, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se opta por interpoñer o recurso de reposición potestativo non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo iso sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se considere máis conveniente a dereito.

Ourense, 11 de maio de 2022.- O alcalde, José Luis Pajón Camba.

PEDRAFITA DO CEBREIRO

Anuncio

Expte: 249/2017 APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, AUGA E HIDROCARBUROS NO CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO, LUGO

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 05 de maio do 2022, acordou a aprobación inicial da Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo aproveitamento especial do dominio público local por instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos no concello de Pedrafita do Cebreiro.

En cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a **información pública polo prazo de trinta días** a contar dende o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. Durante o devandito prazo podera ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. **Se transcorrido o devandito prazo non se presentaron reclamacións, considerarase aprobado definitivamente o devandito Acordo.**

Pedrafita do Cebreiro, 9 de maio de 2022.- O Alcalde, José Luís Raposo Magdalena.

R. 1229

RÁBADE

Anuncio

En cumprimento do artigo 70.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, faise público que, de acordo co artigo citado e co artigo 91 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, mediante Resolución da Alcaldía de data 12 de maio de 2022, aprobouse a oferta de emprego de emprego público extraordinaria a través da que se articulará o proceso extraordinario de estabilización previsto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, e que comprende a praza de persoal laboral fixo dotada no orzamento da Corporación, co seguinte detalle:

Denominación	Titulación	Acceso	Forma de provisión	Vacantes
Técnico/a de prevención de condutas aditivas	Título Oficial de Licenciatura ou Grao universitario en Psicoloxía, Pedagogía, Psicopedagogía, Educación Social ou Traballo Social	Libre	Estabilización de emprego temporal Lei 20/2021, de 28 de decembro	1

Contra a citada Resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante o Alcalde, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da presente publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se puidese estimar máis conveniente.

Rábade, 12 de maio de 2022.- O Alcalde, Francisco Xosé Fernández Montes.

R. 1230

RIBEIRA DE PIQUÍN

Anuncio

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 13 de maio de 2022, aprobáronse as bases xerais que rexerán o procedemento para a selección dun oficial de 1ª carpinteiro, como persoal laboral temporal, a xornada completa (100%), cunha duración de doce (12) meses, así como dun péon especialista forestal, como persoal laboral temporal, a xornada completa (100%), cunha duración de seis (6) meses, a través do programa "Fomento do Emprego 2022 da Excma. Deputación Provincial de Lugo".

Segundo o disposto na base cuarta (4ª), as instancias dirixidas ao Sr. Alcalde, presentarase no Rexistro Xeral do Concello, en horario de oficina, -09.00 / 14.00 horas-, durante o prazo de cinco (5) días naturais, comenzando a computarse o dito prazo a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As citadas bases atópanse publicadas na páxina web do Concello: www.ribeiradepiquin.es, podendo consultarse tamén nas oficinas municipais en horario de oficina.

Ribeira de Piquín, 13 de maio de 2022.- O alcalde, Roberto Fernández Rico.

R. 1255

SARRIA

Anuncio

Nomeamento funcionario interino

Mediante decreto 2022-0437 de data 10/05/2022, unha vez rematado o pertinente proceso selectivo, nomeouse a Álvaro Escariz Camoira, con DNI **210*, como funcionario interino por vacante para cubrir a praza de auxiliar administrativo de Administración Xeral, Subescala Auxiliar, Grupo C, Subgrupo C2, adscrita ao servizo de rexistro, conforme ao artigo 10.1.a) do TREBEP, **suxeitándose aos termos e á duración establecida no artigo 10.4 do TREBEP**

Sarria, 10 de maio de 2022.- O alcalde, Claudio Melquiades Garrido Martínez.

R. 1231

O VALADOURO

Anuncio

O Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada en data 05 de maio de 2022 acordou, por unanimidade dos dez concelleiros presentes dos once que legalmente o compoñen, deixar sen efecto o acordo adoptado en sesión deste órgano de data 05 de novembro de 2020 que suspendía os prazos da Disposición Adicional Primeira da Ordenanza Reguladora da ocupación de espazos públicos con instalacións desmontables dos establecementos hostaleiros que outorgaba aos mesmos un prazo de QUINCE MESES para adecuar a ocupación aos criterios técnicos e estéticos desta normativa.

Deste xeito consideranse novamente en vigor o prazo de QUINCE MESES da Disposición Adicional citada desde a publicación deste anuncio.

O Valadouro, 11 de maio de 2022.- O Alcalde, Edmundo Maseda Maseda.

R. 1232